



MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA

DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

Comisión técnica de prevención de riscos laborais

31/10/2024

O xoves 31 de outubro houbo reunión da Comisión Técnica de Prevención de Riscos Laborais, dependente da Mesa xeral de negociación da AXE, foi creada polo RD 67/2010 de adaptación da lexislación de prevención á AXE, presidida por Función pública, é o órgano específico de participación e negociación das OOSS en materia de PRL.

Asistimos a esta reunión xunto con ELA, CSIF, UXT e CCOO, que tería que ser a 2ª deste ano, pero é a primeira desde a última de 12/2022.

Presentóusenos a memoria resumo dos recursos e actividades desenvolvidas pola AXE dos anos 2022 e 2023.

RECURSOS PREVENTIVOS

Na actualidade na AXE hai **231 Servizos de prevención**, dos que 26 son mancomunados (23 destes na Seguridade Social).

Dende 2021 ata a actualidade creáronse 5 novos (1 na AEAT, 1 no SEPE, 1 no CSIC e 2 da Dirección xeral de estradas) e perdeuse un na axencia estatal de seguridade ferroviaria.

Segundo lle consta a FP, a dotación total de efectivos destinados a estas funcións é de 978 técnicos (565 persoal funcionario, 31 laborais e 382 EPDs), máis os militares dos SSPP do M. de defensa que non están inscritos no RCP.

Destes postos a AXE dí que a finais de 2023 estaban vacantes 180. A **CIG** pon en dúbida que non sexan máis, xa que so na Seg. Social se convocou un concurso (BOE 15/04/24), con 100 prazas vacantes, das que voltaron a quedar desertas 54.

Á Administración leva anos dándolle voltas á petición da CIG e outros sindicatos para formalizar a incorporación de persoal laboral a postos vacantes, pero segue sen darnos solución, igual que para chegar a un Acordo cunha Universidade para dotar as competencias das funcións de nivel superior.

A **CIG** pide que se convoquen a oposición libre as prazas que requiran especialidade de Medicina do traballo ou en Enfermaría do traballo/Diplomatura en enfermaría de empresa.

No tocante a empregadas e empregados públicos designados (EPDs), Función pública ten un enorme desfase entre os 382 que ten inscritos no Rexistro central de persoal (RCP), e os que lles din os Ministerios que teñen nomeados, nada menos que 1.033. Como é posible ese desfase?

A CIG reclama que se corrixa isto á maior brevidade, que se inscriban a todos e todas que fagan estas función no Rexistro, que non se permitan outras nomenclaturas tales como "ayudantes de

prevención”, etc., que se publique no seu ámbito de actuación a todo o persoal que é o EPD, lembrando que esta función ten un complemento salarial.

Chama especialmente a atención o número de EPDs do Ministerio de interior

DEPARTAMENTOS	EPD,s
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN	2
MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS Y TRANSFORMACIÓN DIGITAL	97
MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA Y COOPERACIÓN	113
MINISTERIO DE CIENCIA E INNOVACIÓN	4
MINISTERIO DE CONSUMO	0
MINISTERIO DE CULTURA Y DEPORTE	0
MINISTERIO DE DEFENSA	0
MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES Y AGENDA 2030	0
MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL	0
MINISTERIO DE HACIENDA	52
MINISTERIO DE IGUALDAD	0
MINISTERIO DE INCLUSION, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES	45
MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO	30
MINISTERIO DE JUSTICIA	76
MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES Y MEMORIA DEMOCRÁTICA	2
MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL Y FUNCIÓN PÚBLICA	6
MINISTERIO DE SANIDAD	0
MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMIA SOCIAL	101
MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA	42
MINISTERIO DE UNIVERSIDADES	0
MINISTERIO DEL INTERIOR	436
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO	27
Total general	1033

Cuadro X. EPD,s según Departamentos 2023

A **CIG** lembra o artigo 7 do RD 67/2010 no que, para a AXE, as modalidades para a prestación da prevención ao seu persoal, debería ser por esta orde:

1. SSPP propios
2. SSPP mancomunados
3. SSPP pluriprovinciais
4. EPD con dedicación exclusiva
5. EPD con tempo especificado mínimo
6. Servizos de prevención alleos

Por iso demanda que se cren máis SSPP mancomunados e que se comece a deseñar a estrutura dos pluriprovinciais e que mentres tanto, que se defina un mínimo para que os EPDs se adiquen en exclusiva á prevención de riscos e que se lles dote de medios.

COSTES DOS SERVICIOS DE PREVENCIÓN ALLEOS

Este capítulo de gasto non para de medrar, en 2023 recóllense máis de 12 millóns de euros, sendo a vixilancia da saúde a partida de maior importe, 7.4 millóns.

A **CIG** desexa que se vaia revertendo o gasto coa asunción de medios propios, servizos de prevención e saúde laboral, adicación exclusiva dos EPDs mentres non se cren os SSPP pluriprovinciais, etc.

ORGANOS DE PARTICIPACIÓN E CONSULTA

Desde a celebración das eleccións sindicais en 07/2019 ata hoxe, aínda non están constituídos tódolos comités de seguridade e saúde e supón a CIG que algúns xa non se constituíra, pois as vindeiras eleccións xa tocan no vindeiro ano.

Comunícasenos nesta reunión que Función Pública segue sen autorizar a constitución de Comités propios para a Seguridade Social, agás en Madrid.

A **CIG** alégrase de que se constituíra, aínda que fose en 2023, o Comité único para o persoal laboral no exterior, para máis de 5.500 efectivos.

Destacamos que o 78% dos delegados de prevención son homes, polo que desde a CIG animamos ás mulleres a que se animen a presentarse nas vindeiras eleccións sindicais para poder ser nomeadas como delegadas.

ACTIVIDADES DESENROLADAS POR FUNCIÓN PÚBLICA

a) Actividades Formativo-divulgativas en 2023:

- Tres cursos dirixidos á formación básica de membros dos Comités de Seguridade e Saúde. Os tres cursos a través de videoconferencia.
- Tres edicións do curso “Capacitación para o desempeño de funcións de prevención de nivel intermedio”, un para o conxunto da AXE, un para o persoal do MDE e outro para o persoal da Dirección Xeneral da Garda Civil.

b) Actividades Formativo-divulgativas en 2022:

- Tres cursos dirixidos á formación básica de membros dos Comités de Seguridade e Saúde. Os tres cursos a través de videoconferencia.
- Tres edicións do curso “Capacitación para o desempeño de funcións de prevención de nivel intermedio”, un para o conxunto da AXE, un para o persoal do MDE e outro para o persoal do SEPE.


Todos estes cursos foron por videoconferencia.

IMPORTANTE. A Administración dí que equipara os cursos dirixidos aos membros de Comités aos cursos que capacitan para desempeñar as funcións de nivel básico (Art. 35 do RD 39/1997).

A CIG reivindica a formación presencial, polo que para os vindeiros cursos solicita un mínimo de presencialidade do 50%, pois só con cursos a distancia non se formarán bos técnicos de prevención.

ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DESENROLADAS POLOS DEPARTAMENTOS E ORGANISMOS

Como resumo, incluimos o cadro seguinte:



Cuadro XIV. Acciones/Actividades en PRL. (2020-2023)

ACTUACIONES DA INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL NA AXE

NÚMERO DE VISITAS SEGÚN MOTIVO	2020	2021	2022	2023
Investigación de Accidentes:	8	8	6	15
Denuncias, por motivos varios, de los representantes de las empleadas y empleados públicos	48	31	31	44
Campañas/iniciativa propia de la ITSS	7	6	3	6
Otros motivos	18	8	4	14

Cuadro XV. Actuaciones de la ITSS en la AGE 2023

E outros motivos inclúense Accidente de persoal, Presentación de Memorias anuais de vixilancia da saúde e investigación de accidentes, Non tomar medidas en riscos detectados en avaliación de riscos, Solicitud de información, Comprobación de actuacións fronte a requirimento ou Queixa dos traballadores.

Como podedes ver as actuacións da Inspección de traballo no noso ámbito son moi escasas.

EXPOSICION A RADÓN E AMIANTO

Radon

A nova normativa española de protección fronte á exposición ao radón, RD 1029/2022, pola que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición a radiación ionizante, establece en 300 Bq/m³ o nivel de referencia para a concentración de radon en recintos pechados, en termos de promedio anual de concentración de radón en aire, tanto para as vivendas, os edificios de acceso público como para os lugares de traballo. Tamén establece a obriga de realizar medidas de radon en todos os edificios de acceso público, empresas e vivendas, especialmente en aquelas situadas en zonas con niveles elevados de radon e no caso de que se detecten valores altos deste gas, deberanse tomar medidas para reducir a exposición, como a rehabilitación, mitigación ou a instalación de sistemas de redución de radon.

A **CIG** quere que se fagan públicos os informes das medicións a todo o persoal da AXE afectado nun edificio, aínda que traballe para un organismo ou entidade distinta a que contratou e pagou o informe.

A **CIG** aproveita este apartado para lembrar que este gas, asociado ao cancro de pulmón está presente en altas concentracións no 70% do territorio galego, polo que se non tedes constancia e que se fixeran medicións no voso centro, pidades aos vosos delegados ou delegadas de prevención, EPD ou Servizo de prevención asesoramento para ver a posibilidade de solicitálas.

Amianto

Coma en calquera traballo, a exposición a amianto debe realizarse conforme á normativa existente, RD 396/2006 de 31 de marzo, no que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballo con risco de exposición ao amianto.

Desde a **CIG** prégamevos que se pensades que no voso centro de traballo pode haber amianto, consultedes cos vosos delegados ou delegadas de prevención, EPD ou Servizo de prevención.

SINIESTRALIDADE E OUTROS ASPECTOS DA SAÚDE LABORAL

Deste apartado o que máis no chamou a atención foi o punto de ACOSO LABORAL E VIOLENCIA NO TRABAJO, xa que das 60 denuncias presentadas en 2022, so se confirmou un caso de acoso e das 44 presentadas en 2023 so hai un expediente aberto pendente de resolver.

PERIODO	ACOSO LABORAL					
	DENUNCIAS		SITUACIÓN			CONFIRMACIÓN ACOSO
			NO ADMITIDA A TRÁMITE	ADMITIDA A TRÁMITE		
	H	M		ARCHIVO DE LA DENUNCIA	PROPUESTA INCOACIÓN EXPEDIENTE	
2020	40	25	31	24	5	0
2021	33	18	9	14	1	0
2022	38	22	26	16	3	1
2023	29	15	9	14	1	0

Cuadro XIX. Datos de aplicación del Protocolo de Acoso Laboral (2019-2023)

Se sospeitamos que pode haber moitos máis casos sen denunciar, por distintos motivos, e de 60 que se deciden a presentar denuncia so se confirma un, na CIG pensamos que o protocolo non está funcionando.

Non hai no informe apartado de acoso sexual, porque a Administración considera que so se debe presentar na Comisión técnica de Igualdade. A CIG, entre outras, considera que si se debe incluír neste informe e así o solicita para o informe de 2024.

En espera de que pronto teñamos unha nova reunión para tratar da formación de F. Pública para 2025, da mellora dos medios preventivos, etc. seguiremosvos informando.